



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

Sra. Conselleira
Consellería de Medio Rural e do Mar
Xunta de Galicia

Asunto: "Proxecto de explotación concesión Faramontaos nº 5089.1, Xinzo de Limia e Trasmiras (Ourense)", clave 2012/0050.

Serafín González Prieto, Presidente de SGHN,

EXPÓN:

1. Que a Subdirección Xeral de Recursos Minerais (Consellería de Economía e Industria) solicitou a SGHN unha petición de informe sobre "Proxecto de explotación concesión Faramontaos nº 5089.1, Xinzo de Limia e Trasmiras (Ourense)".
2. Que na súa resposta SGHN solicitou que se desbote totalmente o devandito proxecto de explotación mineira porque:
 - a. Abrangue exclusivamente terreos nos que se realizou a concentración parcelaria.
 - b. Sítuase íntegramente na Zona de Especial Interese Agrario de A Limia (Decreto 20/2007, do 25 de outubro, DOG nº 215 de 07-11-2007).
 - c. Sítuase íntegramente na zona afectada polo "Proxecto de modernización sostible do regadío da comunidade de regantes de Corno do Monte", actualmente en tramitación.

SOLICITA

1. Que, en exercicio das súas competencias e responsabilidades legais, a Consellería de Medio Rural adopte as medidas oportunas para garantir:
 - a. O cumprimento da Lei 12/2001 de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria de Galicia, e a obriga do "titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario" de "manter ou conserva-la terra cultivada conforme a súa capacidade agrolóxica e aproveitamento axeitado dos seus recursos, en consonancia cos plans de aproveitamento de cultivos ou forestal recollidos no acordo de concentración" (Art. 3.1a) "ata tanto o concello regule os usos das terras concentradas" (Art. 48 bis).
 - b. Que os investimentos públicos para mellorar a actividade agraria na zona non acaben sendo inutilizados e/ou desviados a outra finalidade (minería a ceo aberto).
2. Que manteña informada á SGHN de cantas actuacións faga en relación co asunto de referencia.

En Santiago de Compostela a 11 de febreiro de 2013

Serafín González Prieto
Presidente SGHN